

ASSESSMENT CENTER OU CENTRO DE AVALIACIÓN

Qué son e que avalían?

- Son probas de selección de persoal realizadas nun **Centro de Avaliación** ou **Assessment Center** de expertos/as en RRHH. A súa utilización é moi recente en España, pero vanse incorporando ao proceso de selección sobre todo do persoal directivo no que se revela como unha proba moi eficaz.
- É un método que consiste en varias probas realizadas en grupo de ata 10 candidatos/as. As tarefas son similares ás que terán que realizar no seu posto de traballo e poden durar de 45 a 90 minutos cada unha en sesións longas dun día ou dous. O persoal avaliador límtase a dar as instrucións iniciais, a observar os acontecementos e a anotalos. Observan principalmente o grao en que o/a candidato/a posúe e utiliza eficazmente as competencias previamente establecidas como necesarias para o posto de traballo a cubrir.
- O obxectivo das probas intensivas é identificar e avaliar as competencias e prever o seu rendemento no posto de traballo. Avalíanse, non tanto os trazos de personalidade senón o feito de posuír determinadas habilidades consideradas como necesarias para que o persoal sexa produtivo para a empresa e que non son fáciles de adquirir se xa non se posúen:
 - Capacidade para a toma de decisións.
 - Capacidade de traballo baixo presión.
 - Motivación
 - Liderado
 - Capacidade de traballar en equipo
 - Visión estratéxica
 - Capacidade de análise e síntese
 - Capacidade de comunicación oral e escrita
 - Sociabilidade
 - Xestión do tempo
 - Capacidade de negociación
 - Capacidade de persuasión
 - Orientación a resultados e ao cliente

EXEMPLOS DE TAREFAS

O deseño de tarefas do **Assessment Center** ou **Centro de Avaliación** dependerá do posto de traballo que se trate. A continuación, preséntanse algúns exemplos:

- **Redactar un informe**

Cun tempo limitado o/a candidato/a terá que redactar un informe a partir dun material escrito facilitado previamente. Avalíase a capacidade de análise, o razoamento e a expresión escrita.

- **Facer unha presentación**

Realízase ante as outras persoas candidatas ao posto e persoal de RRHH. Avalíase a capacidade para estruturar unha presentación, a capacidade de expresión oral, a habilidade para falar en público, etc.

- **Exercicio da bandexa**

Suponse que o/a candidato/a conseguiu o posto de traballo e danlle unha bandexa chea de documentos, cartas a clientes, peticións de informes, chamadas recibidas, correos electrónicos, etc. Espérase que realice este traballo nun tempo limitado. Avalíase a capacidade de planificación, xestión do tempo, capacidade de resolución, de comunicación verbal e escrita, etc.

- **Comida co persoal directivo**

Recoméndase nesta actividade amosar unha actitude positiva e optimista que permita pensar que pode ser agradable traballar contigo. Intenta lembrar os nomes das persoas e interésate polo seu traballo. Aproveita para facer preguntas sobre o a túa futura actividade laboral na empresa.